Propostas para unha adecuada programación e planificación dos estándares de aprendizaxe :

C. dixital	Implica o uso seguro e crítico das TIC para obter, analizar, producir e intercambiar información.
C Aprender a aprender	implica que o alumno desenvolva a súa capacidade para iniciar a aprendizaxe e persistir nel, organizar as súas tarefas e tempo, e traballar de xeito individual ou colaborativa para conseguir un obxectivo.
C. sociais e cívicas	Fan referencia ás capacidades para relacionarse coas persoas e participar de xeito activo, participativa e democrática na vida social e cívica. 6. Sentido da iniciativa e espírito emprendedor. Implica as habilidades necesarias para converter as ideas en actos, como a creatividade ou as capacidades para asumir riscos e planificar e gestionar proxectos.

6.5 -Incorporación da educación en valores(Compromisos coa igualdade de xénero)

<ul style="list-style-type: none"> – Exercer de forma responsable os seus dereitos e deberes como cidadáns, limitados polas leis e o respecto ao resto dos seus iguais, coñecendo e practicando a solidariedade desde unha posición de comprensión da igualdade de todos os seres humanos, sen distinción de sexo ou xénero, asumir que a cooperación e o diálogo son as bases do bo funcionamento dunha sociedade que entende a pluralidade e a diversidade como riquezas, preparándose para o correcto exercicio da cidadanía democrática.
<ul style="list-style-type: none"> – Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.
<ul style="list-style-type: none"> – Comprender que a virtude e o hábito da disciplina, o estudo e o traballo individual e en equipo non son innatas á persoa, nin son un agasallo que un recibe, senón pola contra, son unha certa forma de ser, de encarar o traballo, comprender e comportarse, que se crea a través da práctica e son condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e vehículo de desenvolvemento persoal.
<ul style="list-style-type: none"> – Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
<ul style="list-style-type: none"> – Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
<ul style="list-style-type: none"> – Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.
<ul style="list-style-type: none"> – Entender a tecnoloxía como elemento de comunicación e de traballo cotián. Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación no campo das tecnoloxías, especialmente as de información e a comunicación que lles permita xerar e difundir o seu propio coñecemento.
<ul style="list-style-type: none"> – Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de xeito apropiado. Apoiarse nas linguas para acceder á información e promover o entendemento entre as persoas doutras culturas para evitar os conflitos e facilitar a comprensión do outro.
<ul style="list-style-type: none"> – Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación. Entendelas como unha parte fundamental da cultura.

<ul style="list-style-type: none"> — Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
<ul style="list-style-type: none"> — Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como recoñecer á nosa sociedade como multicultural e superar prexuízos baseados na raza ou etnia. Coñecer o patrimonio histórico nas súas diferentes vertentes, artísticas e culturais.
<ul style="list-style-type: none"> — Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.

Cada departamento didáctico seleccionará, agrupará e ordenará os contidos imprescindibles dentro da etapa, o traballo nos diferentes proxectos requirirá do equipo educativo unha estreita coordinación e colaboración para o logro do éxito esperado no alumnado.

6.6 -Aspectos xerais para a elaboración das programacións didácticas

a) Instrucións para elaborar as programacións didácticas

Os Departamentos Didácticos deberán ter en conta o seguinte protocolo para a elaboración das súas programacións didácticas:

- RESOLUCIÓN do 20 de xullo de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, instrucións curso2017-18.Capitulo V, artigo 26.
- Cada departamento didáctico elaborará a programación de cada unha das materias, ámbitos ou módulos que teña asignados, **segundo o modelo aprobado pola CCP a tal fin.**

6.7-Criterios de promoción e titulación do alumnado

6.7.1- E.SO.

Normativa:

- Decreto 86/2015 capítulo V, Artigos 21,22 e23
- R.D. 520/2017 de 2 de xuño, Resolución da DXFPiE da CEOU de 9 de xuño, artigo 2
- RESOLUCIÓN do 20 de xullo de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, instrucións curso2017-18.

Os departamentos didácticos dentro da autonomía e do proxecto didáctico poderá aprobar unha materia dun curso inferior sempre e cando aprobe a do curso superior e haxa superado todos os procesos de recuperación.(acordo CCP de data 30 de setembro de 2015)

6.7.2- Bacharelato

Normativa:

- Decreto 86/2015, título II, capítulo III, Artigos 34,35 e 37
- R.D. 520/2017 de 2 de xuño, Resolución da DXFPiE da CEOU de 9 de xuño, artigo 3
- RESOLUCIÓN do 20 de xullo de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, instrucións curso2017-18.
-

6.7.3- CC.FF

- Regulado nos artigos 25, 26, 27, 28, 38 e 39 da Orde do 12 de xullo de 2011.
- ORDE do 13 de xullo de 2015 pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional básica na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o acceso e a admisión nestas ensinanzas.
- RESOLUCIÓN do 3 de agosto de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2017/18.

6.7.4. Instrumentos de avaliación

Instrumentos de Avaliación			
<p>Os instrumentos de avaliación defínense como aqueles documentos ou rexistros utilizados polo profesorado para a observación sistemática e o seguimento do proceso de aprendizaxe do alumnado. Desta forma a avaliación debe apoiarse na recolleita de información. Por iso é necesario que o equipo de profesores determine as características esenciais dos procedementos de avaliación; entre elas subliñamos as seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Ser moi variados, de modo que permitan avaliar os distintos tipos de capacidades e contidos curriculares e contrastar datos da avaliación dos mesmos aprendizaxes obtidas a través dos seus distintos instrumentos. - Poder ser aplicados, algúns deles, tanto polo profesor como polos alumnos . - Dar información concreta do que se pretende avaliar, sen introducir variables que distorsionen os datos que se obteñan coa súa aplicación. - Utilizar distintos códigos (verbais, sexan orais ou escritos, gráficos, numéricos, audiovisual, etc.) cando se trate de probas dirixidas ao alumnado, de modo que se adecúen ás distintas aptitudes e que o código non mediatice o contido que se pretende avaliar. - Ser aplicables en situacións máis ou menos estruturadas da actividade escolar. - Permitir avaliar a transferencia das aprendizaxes a contextos distintos daqueles nos que se adquiriron, comprobando así o seu funcionalidade e a adquisición das competencias básicas. 			
ESO			
Observación sistemática	Analizar as producións dos alumnos*	Avaliar as exposicións orais dos alumnos *	Realizar probas específicas
<p>Observación directa do traballo no aula, laboratorio , talleres ou aulas de informática.</p> <p>Observación en actividades complementarias relacionadas coa materia.</p> <p>Colaboración e traballo en grupo e individual</p> <p>Utilización de recursos e emprego de vocabulario axeitado.</p> <p>Utilización de recursos dixitais (correo, webs, etc)</p>	<p>Caderno de clase. Resumos. Blogues ou webs.</p> <p>Actividades en clase (audición, interpretación, creación, exercicios, respostas a preguntas, etc.)</p> <p>Traballos monográficos (investigacións, análise...)</p> <p>Deseños e construcións.</p> <p>Creacións audiovisuais (infografías, audios, vídeos, webs...)</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Explicacións de montaxes, deseños, programas e propostas empregando o vocabulario axeitado. <ul style="list-style-type: none"> ▪ Debates ▪ Postas en común. ▪ Exposicións monográficas e Investigacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Obxectivas. ▪ Resolución de exercicios ou actividades propostas.. ▪ Cuestionarios ▪ Probas de exposición oral
Criterios de cualificación de competencias			
Probas		Tarefas de aula	
<p>Obxectivas.</p> <p>Resolución de exercicios ou actividades.</p> <p>Cuestionarios</p> <p>Exposicións orais</p> <p>No apartado de ortografía, acentuación, puntuación e erros gramaticais, así como de exposición oral , queda a criterio de cada profesor valorar este apartado pois depende da dificultade do léxico (non son iguais todas as faltas de ortografía, de acentúes, de puntuación ou todos os erros na gramática). a súa valoración ou non. O profesorado valorará entre 0-1 punto.</p>		<p>Caderno de clase. Resumos. Blogues.</p> <p>Actividades en clase (audición, interpretación, creación, exercicios, respostas a preguntas, etc.)</p> <p>Traballos monográficos (investigacións, análise).</p> <p>Deseños e construcións.</p> <p>Creacións audiovisuais (infografías, audios, vídeos, webs...)</p> <p>Cuestionarios</p> <p>Exposicións orais</p> <p>Composicións escritas</p> <p>Explicacións de montaxes, deseños, programas e propostas empregando o vocabulario axeitado.</p> <p>Debates, Postas en común.</p> <p>Exposicións monográficas e Investigacións.</p> <p>Colaboración e traballo en grupo e individual</p> <p>Utilización de recursos e emprego de vocabulario axeitado.</p> <p>Utilización de recursos dixitais (correo, webs, etc).....</p>	

Instrumentos de Avaliación	
Porcentaxe departamentos sociolingüísticos: 50%-60% Porcentaxe departamentos científico matemáticos: 70% Porcentaxes departamentos prácticos: 20%-50%	Porcentaxe departamentos sociolingüísticos: 50%-40% Porcentaxe departamentos científico matemáticos: 30% Porcentaxes departamentos prácticos: 80%- 50%
BACHARELATO	
Criterios de cualificación	
Probas	Tarefas de aula
Obxectivas. Resolución de exercicios ou actividades propostas. Cuestionarios Exposicións orais Probas prácticas No apartado de ortografía, acentuación, puntuación e erros gramaticais, así como de exposición oral, queda a criterio de cada profesor valorar este apartado pois depende da dificultade do léxico (non son iguais todas as faltas de ortografía, de acentúes, de puntuación ou todos os erros na gramática). a súa valoración ou non. O profesorado valorará entre 0-1 punto.	Exercicios: documentos elaborados, deseño práctico de aplicacións,.... Resolución de casos prácticos Test, Probas de resposta curta Traballos de investigación temáticos Cuestionarios Exposicións orais Composicións escritas, comentarios de texto Traballos exposicións de investigación e/ou análise Creacións audiovisuais (infografías, audios, vídeos, webs...) Explicacións de montaxes, deseños, programas e propostas empregando o vocabulario axeitado. Debates, Postas en común. Colaboración e traballo en grupo e individual Utilización de recursos e emprego de vocabulario axeitado. Utilización de recursos dixitais (correo, webs, etc)
Porcentaxe departamentos sociolingüísticos: 60%-70% Porcentaxe departamentos científicomatemáticos: 80% Porecntaxes departamentos prácticos: 20%-50%	Porcentaxe departamentos sociolingüísticos: 40%-30% Porcentaxe departamentos científico matemáticos: 20% Porcentaxes departamentos prácticos: 80%-50%
CC.FF.	
Criterios de cualificación	
Probas (70%-50%)	Tarefas de aula (30%-50%)
Obxectivas. Resolución de exercicios ou actividades propostas. Cuestionarios Probas escritas Versarán sobres os conceptos impartidos onde o alumnado deberá demostrar o grao de adquisición dos coñecementos.	Exercicios: documentos elaborados ,.... Resolución de casos prácticos Test, Probas de resposta curta Traballos de investigación temáticos Cuestionarios Exposicións orais Composicións escritas, comentarios de texto Traballos exposicións de investigación e/ou análise

6.7.5-Plan específico para o alumnado con materias pendentes e alumnado repetidor (directrices xerais).

Para recuperar as materias pendentes en xuño os alumnos e alumnas poderán presentarse á convocatoria de Setembro.

O procedemento xeral de recuperación será a entrega de tarefas ou a realización de exames durante os primeiros días de setembro .

Cando así o estableza o departamento na súa programación, tamén poderán terse en conta algunhas notas do curso, como porcentaxes de comportamento ou desenvolvemento das competencias. Cada departamento fixará as probas escritas e as tarefas a realizar. Tamén dependerá do departamento establecer as porcentaxes asignadas ás tarefas e probas escritas. Cada departamento definirá si gárdase a materia correspondente a trimestres superados, ou si con todo o alumnado debe recuperar a materia completa.

Para orientar ao alumnado todas as materias pendentes entregarán un informe personalizado onde se explicará a forma de recuperar e os obxectivos pendentes de alcanzar.

As datas de recuperación estableceranse en xuño no panel de información do centro.

O alumnado que promocioe sen superar todas as materias seguirá un programa de reforzo destinado á recuperación das aprendizaxes non adquiridas e deberá superar a avaliación correspondente a devandito programa, o que será ter en conta aos efectos de cualificación das materias non superadas, así como aos de promoción e obtención da titulación. Corresponde aos departamentos didácticos a organización destes programas. Do seu contido informarase ao alumnado e ás súas familias ao comezo do curso escolar.

Para rematar, para os alumnos promocionan coa materia valorada negativamente cada departamento fixará os procedementos de recuperación : estes correrán a cargo do profesor/a que imparta clase de dita materia no curso ó que promocionou o alumno/a.

De non ser o caso, non existir dita materia no curso de promoción, as actividades de recuperación serán realizadas polo xefe/a de departamento.

6.7.6-reclamacións sobre as cualificacións

6.7.6.1- Procedemento de aclaración de notas ao longo do curso

O alumnado, as súas persoas proxenitoras ou persoa que desempeñe a representación legal poderán solicitar, ao profesorado e á persoa docente titora cantas aclaracións consideren precisas acerca das valoracións que se realicen sobre o seu proceso de aprendizaxe, así como sobre as cualificacións ou decisións que se adopten como resultado do devandito proceso ó longo do curso. En todo caso, a reclamación formal abranguerá unicamente as cualificacións finais.

a) Consulta de cualificación de exames, valoracións traballos e similares: solicitarase a través de Abalar ou de correo electrónico a aclaración da nota de exames ao profesor correspondente quen arbitrará unha cita coa familia para proceder a dita aclaración.

6.7.6.2 Procedemento de reclamación de cualificacións e decisión de promoción e titulación

6.7.6.2.1Ante o centro

a) CUALIFICACIÓN

A primeira actuación deberá de ser sempre solicitar unha aclaración da cualificación ante o profesor responsable da materia, quen atenderá dita solicitude no prazo de un día dende que se produza. Tamén pode solicita a corrección da proba por parte de outro membro do departamento.

De non estar de acordo coas explicacións recibidas a familia terá dereito a reclamar ante a Xefatura de estudos no prazo de 2 días dende a entrega do boletín ou a publicación de notas en ABALAR.

A Xefatura de estudos transmitirá ao departamento correspondente dito escrito de reclamación que deberá de elaborar un informe seguindo as pautas marcadas na “ORDE do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.” que entregará á Xefatura de estudos.

Xefatura de estudos comunicará a decisión tomada no informe tanto a familia como a/o titor/a.

b) PROMOCIÓN

Cando a familia non estea de acordo coa decisión de non promoción, ten o dereito a reclamar ante a Xefatura de estudos no prazo de 2 días dende a entrega do boletín ou a publicación de notas en ABALAR.

Neste caso no prazo de 2 días lectivos ou hábiles, xefatura e titor/a deciden se é preciso realizar unha nova xunta de avaliación para valorar a decisión tomada.

Comunicase á familia a decisión final .

6.7.6.2.2 Ante a Xefatura Territorial

Calquera das decisións anteriores debe de comunicarse á familia no prazo 1 día lectivo ou hábil. No caso de non estar de acordo con algunha de ditas decisións, a familia poderá presentar por escrito ante a dirección do centro, no prazo de 2 días hábiles a partir do día seguinte á comunicación da decisión adoptada, reclamación ante a xefatura territorial correspondente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

A dirección do centro terá un prazo máximo de 3 días hábiles para remitir o expediente á xefatura territorial. O devandito expediente incorporará os informes elaborados no centro, copia fiel dos instrumentos de avaliación que xustifiquen as informacións acerca do proceso de avaliación do alumno ou alumna, así como, se é o caso, as novas alegacións do reclamante e o informe, se procede, do director ou directora sobre estas.

Xefatura territorial no prazo de quince días, adoptará a resolución pertinente.

Se, tras o proceso de revisión, procede a modificación dalgunha cualificación final e dos consecuentes efectos de promoción ou titulación para o alumno ou alumna, a persoa titular da secretaría do centro, co visto e prace da dirección, expedirá a correspondente dilixencia nas actas, no expediente académico e, se é o caso, nos restantes documentos de avaliación, facendo referencia á resolución estimativa da reclamación.

Cando, á vista da resolución adoptada pola xefatura territorial, poida ser necesario modificar algunha das decisións previas adoptadas, reunirase o equipo docente en sesión extraordinaria.

6.7.7 .Procedemento para a entrega de Matrículas de Honor 4º ESO e 2ºBachillerato

Matrícula de Honor de 4ºESO

Poderá optar a Matrícula de Honor o alumnado que supere todas as materias da ESO e cuxa cualificación global dos catro cursos da ISO sexa igual ou superior a nove (9).

Outorgarase un 5% do total de alumnado de 4º da ISO

-No caso de que haxa máis candidatos que Matrículas seguiranse os seguintes criterios, na orde que se presentan, ata que se produza o desempate:

- 1º) Nota medida superior na Etapa (1º, 2º, 3º e 4º ESO)
- 2º) Nota media superior en 4º ESO
- 3º) Nota media superior en 3º ESO
- 4º) Nota media superior en 2º ESO
- 5º) Nota media superior en 1º ESO

Matrícula de Honor de 2º Bachillerato

Poderá optar a Matrícula de Honor o alumnado que supere todas as materias de BACHILLERATO e cuxa cualificación global dos dous cursos da Bachillerato sexa igual ou superior a nove (9).

Outorgarase un 5% do total de alumnado de 2º de Bachillerato

No caso de que haxa máis candidatos que Matrículas seguiranse os seguintes criterios na orde que se presentan ata que se produza o desempate:

- 1º) Nota medida superior na Etapa (1º e 2º de Bachillerato)
- 2º) Nota media superior en 2º de Bachillerato.
- 3º) Nota media superior en 4º ESO
- 4º) Nota media superior en 3º eSO
- 5º) Nota media superior en 2º ESO

Matrícula de Honor de 2º CC.FF.

Poderá optar a Matrícula de Honor o alumnado que supere todas as materias Do CC.FF. e cuxa cualificación global dos dous cursos sexa igual ou superior a nove (9).

No caso de que haxa máis candidatos que Matrículas seguiranse os seguintes criterios na orde que se presentan ata que se produza o desempate:

- 1º) Nota medida superior na Etapa (1º e 2º de Bachillerato)
- 2º) Nota media superior en 2º de Bachillerato.
- 3º) Nota media superior en 4º ESO
- 4º) Nota media superior en 3º eSO
- 5º) Nota media superior en 2º ESO

A Etapa que será considerada no caso dos CC.FF. será a última que teña cursado o alumno/a segundo acceda a un ciclo superior ou a un ciclo medio.

6.7.8 Comunicaci3ns coas familias

A comunicaci3n coa familia 3 fundamental para conseguir resultados positivos tanto no 3mbito acad3mico como no conductual do alumnado, por iso esta debe de ser r3pida, eficiente e constante, xa que existe un obxectivo com3n que 3 o desenvolvemento global e harmonioso do alumnado, e, polo tanto, debe ser unha tarefa compartida.

Dadas as diversas situación coas que nos atopamos a nivel familiar , o titor empregará todos os dispositivos posibles para facilitar dita vía de comunicación :

- Reunión inicial de curso, titores con familias
- Información permanente na páxina web
- Correo electrónico
- Abalar móbil
- Teléfono
- Correspondencia
- Entrevistas persoais = reunións individuais de tutoría ,previa cita co titor
- Videoconferencia

O titor manterá informada á familia en todo momento de todos os aspectos relevantes.

Independemente de isto, en calquera momento cando sexa preciso e en función da situación poñerase en contacto coa familia, polo medio habitual que a familia determine a principio de curso para comentar actuacións concretas

Os titores e profesores disporán dunha sesión semanal para atender individualmente ás familias co fin de escoitar as súas demandas, intercambiar información sobre aspectos que resulten relevantes para mellorar o proceso de aprendizaxe e promover a cooperación das familias na tarefa educativa que desenvolva o profesorado.

O titor facilitará, no seu caso, as entrevistas que os pais desexen manter cos profesores do grupo, poñendo en contacto aos interesados. Normalmente os titores requirirán á familia varias veces ao longo do curso,

As familias poden solicitar cita no momento que o desexen.

Se algunha familia non pode asistir durante o horario indicado, deberá poñerse en contacto co titor (persoalmente, nota na axenda, e-mail,...), para concertar entrevista e, na medida do posible, serán atendidos noutra hora na que poidan acudir

O horario de atención ás familias publicárase na páxina web do centro ao inicio do curso.

En calquera caso, mellor solicitar cita previamente, para unha mellor atención e organización.

5-Liñas xerais de atención á diversidade

O Proxecto Educativo do noso Centro asume a “diferenza-distinción” entre todos e cada un/unha das nosas alumnas e alumnos. Pensamos que a diversidade debe considerarse como unha riqueza, que as diferenzas dos seres humanos nunca nos deben levar a uniformizar, nin a xerarquizar.

Procuraremos que exista a máxima coherencia en todas as estratexias didácticas, así como nos criterios a adoptar cara ao tratamento da diversidade de ideas, capacidades, actitudes, valores ...

Defendemos unha educación que sexa instrumento de promoción e desenvolvemento social e persoal, na cal os procesos de interacción social desempeñen un importante papel.

En definitiva, a atención á diversidade debe contemplar:

- métodos educativos que axuden ao alumnado a construír a súa propia aprendizaxe
- favorecer unha aprendizaxe funcional e significativa.

- ofrecer diferentes posibilidades de actividades para aprender un mesmo contido.
- considerar diversas propostas e criterios para diferentes niveis de realización.
- distinguir claramente as condutas e as capacidades.

Este tratamento diferenciado é especialmente importante na educación do alumnado inmigrante que cada ano vén sendo máis numeroso na nosa sociedade. É a nosa intención facer un esforzo continuado pola súa integración.

Medidas

ordindarias	extraordinarias
<ul style="list-style-type: none"> ☐☐ Programa de transición de etapa de Primaria a Secundaria Obrigatoria e acollida do alumnado. ☐☐ Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, e outras que promovan a inclusión. ☐☐ Aula de atención educativa e convivencia. ☐☐ Desdobramentos de grupos. ☐☐ Medidas de reforzo educativo e apoio. 	<ul style="list-style-type: none"> ☐☐ Adaptacións curriculares. ☐☐ Agrupamentos flexibles. ☐☐ Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica. ☐☐ Programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento. ☐☐ Seccións bilingües en lingua inglesa.

6. O Plan de Acción Titorial

O Plan de Acción Titorial constitúe o marco xeral da acción titorial no centro e, como tal, é mellorable e susceptible de adaptación progresiva no transcurso dos cursos á realidade e necesidades educativas do centro.

O Plan de Acción Titorial tentará definir as liñas xerais de acción titorial respecto de alumnos, familias, equipos docentes e o Instituto no seu conxunto.

O Plan de Acción Titorial debe establecer os criterios e procedementos para a organización, funcionamento e avaliación da acción titorial. Para a súa redacción debe terse en conta:

- A súa adaptación ás características de cada grupo e nivel.
- A súa revisión na sucesión dos cursos.

6.1 Liñas xerais para a elaboración dos plans de orientación e acción titorial

Respecto dos alumnos:

- Facilitar a integración dos alumnos no grupo e no Centro mediante a participación activa nas actividades organizadas no mesmo.
- Coñecer as circunstancias persoais que poidan estar condicionando o progreso nas aprendizaxes escolares.
- Facer un seguimento global das necesidades educativas especiais para promover respostas adecuadas ás dificultades detectadas.

- Apoiar o proceso de adquisición da propia identidade e de toma de decisións responsables no ámbito persoal e profesional.
- Fomentar a tolerancia, a liberdade e a responsabilidade nas súas relacións co contorno social.

Respecto das familias:

- Establecer unha relación fluída e continuada coas familias, individual e colectivamente, para acadar a maior cooperación educativa posible.
- Facilitar a participación das familias nos aspectos do Proxecto Educativo que impliquen a súa colaboración.
- Informar e orientar ás familias en todos os aspectos educativos da súa incumbencia.

Respecto do profesorado:

- Favorecer o traballo coordinado do equipo docente no desenvolvemento e avaliación do proceso de ensinanza e aprendizaxe para facer máis eficaz e coherente a tarefa educativa.
- Promover liñas de acción educativa conxunta entre os profesores no grupo, entre os titores en cadanseu nivel, e do Instituto no seu conxunto.
- Desenvolver os obxectivos e valores pedagóxicos primordiais na formación integral do alumnado establecidos no Proxecto Educativo.

9. Proxecto lector

No noso Proxecto Lector figuran unha serie de intervencións asumidas por todos os departamentos á hora de incorporar ás respectivas programacións a competencia en lecto-escritura e o fomento do hábito da lecto-escritura; a participación, avaliación e revisión do Plan Anual de Lectura; a creación de espazos web de cada departamento para incluír as súas recomendacións de libros, temas de actualidade, actividades, vídeos divulgativos, enlaces de interese para o alumnado, etc.; elaboración, revisión e actualización da nosa biblioteca na rede (recompilación de recursos web recollida por cada departamento); utilización de xornais, revistas e dicionarios de aula; propoñer, traballar e avaliar os Itinerarios Lectores.

Continuarase cunha das actividades tamén recollida no Proxecto Lector, o Anuario Dixital.

Outra das actividades do Proxecto Lector que se seguiu realizando neste curso foi a Hora de Ler (Programa de Lectura Silenciosa Sostida) nos catro cursos de ESO. Para o próximo, a dedicación será a mesma: 20 minutos diarios de lectura nas primeiras horas de clase da primeira semana, nas segundas horas de clase da segunda semana e así sucesivamente.

Hai catro cursos aprobouse pola CCP a aportación de contidos para Atención Educativa e as horas de garda para o próximo curso. Continuaranse realizando no próximo dous tipos de actividades que propuxera a biblioteca relacionadas coa lectura: por un lado, que esas horas sexan aproveitadas para ler en silencio o que estean lendo na Hora de Ler ou dos Itinerarios Lectores; por outro lado, unha actividade de lectura en alto, aproveitando e poñendo en común esas lecturas.

A relación de actividades a desenvolver ó longo do curso relacionadas co proxecto lector están descritas no mesmo.

10.- Revisión e avaliación do PEC

Durante o curso 2016-17 revisouse o PEC .Toda a comunidade educativa fixo aportacións ó mesmo.

Para a difusión e coñecemento do PEC por parte da Comunidade Educativa elaboráronse un extracto sinxelo e breve que se distribuirá ás familias. O documento completo estará á súa disposición na secretaría do centro e na AMPA.

En canto ao seguimento e avaliación, é un proceso inseparable da actividade educativa polo que cremos fundamental a posta en marcha dun proceso de avaliación previamente establecido.

Nesta avaliación estudarase:

- a) O grao de coñecemento e de apropiación do Proxecto Educativo por toda a comunidade educativa.
- b) A coherencia do P.E.C. co contexto do centro.
- c) O grao en que se asumen os principios e valores polos compoñentes da comunidade educativa.

- d) A coherencia do P.E.C. coa estrutura, organización do centro, ensinos que se imparten e actividades complementarias e extraescolares que se realizan.
- e) A coherencia do P.E.C. coas relacións do centro con outras institucións.
- f) A coherencia das N.O.F. coa práctica cotiá do centro.

Para iso o Proxecto Educativo será avaliado ao termo de cada curso escolar polo Consello Escolar e, nos seus aspectos docentes, polo Claustro de Profesores, mediante un plan presentado por a Comisión de Coordinación Pedagóxica.

O procedemento de avaliación consistirá en:

- Avaliación por parte dos pais a través dos seus representantes no Consello Escolar e as Asociacións de Pais.

- Avaliación por parte do profesorado do Claustro a través da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

- Avaliación polos restantes sectores da comunidade educativa a través das súas representantes no Consello Escolar.

Cos resultados da avaliación o Equipo Directivo emitirá un informe no que aparecerán as propostas de modificación do Proxecto Educativo que, no seu caso, deberán ser aprobadas polo Consello Escolar.

Así mesmo, cando se considere necesario, poderanse realizar propostas de modificación o P.E.C. polo Claustro, polo Equipo Directivo, porcalquera dos sectores representantes no Consello Escolar ou por un terzo deste órgano. Unhavez presentada a proposta o Director fixará un prazo dun mes para o seu estudo por todos omembros do Consello Escolar e a proposta de modificación poderá ser aprobada, por devandito consello, no terceiro trimestre do curso e entrará en vigor ao comezo do curso seguinte.

10. Anexos

- *Plan Xeral de Atención á Diversidade*
- *Plan de Acción Titorial*
- *Plan de Convivencia*
- *Proxecto Lingüístico*
- *Proxecto Lector*
- *Plan de Integración das TICs*

